



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E O CONCELLO DE PARADA DE SIL PARA SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA Á FABRICA DA LUZ DE BARXACOVA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade instrumental do sector público autonómico, formalizou co Concello de Parada de Sil, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre o Inega e o Concello de Parada de Sil, para levar a cabo o subministro eléctrico á Fabrica da Luz de Barxacova.

Os traballos a realizar son a dotación da subministración de enerxía eléctrica, desde a rede de distribución de enerxía eléctrica existente na zona, ás actuais instalacións da Fábrica da Luz e a outras posibles instalacións na súa contorna (alumeado público exterior) da Fabrica da Luz. Proxéctase a construción dunha liña de Baixa tensión, en condución aérea e soterrada, desde Barxacova ata a parcela na que está situada A Fabrica da Luz.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada na sinatura dixital.

